



Organiza:


Real Academia Galega de Belas Artes

Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
15001 A Coruña
Teléfono e fax 981 211 602
info@academiagalegabelasartes.gal
www.academiagalegabelasartes.gal

Programación artística do concerto de carácter benéfico proposta pola pianista
ALICIA GONZÁLEZ PERMUY
a favor de



Patrocinan:



Real Academia Galega de Belas Artes

ALICIA GONZÁLEZ PERMUY
PAISAXES SONORAS EN TORNO AO SÉCULO XX

RECITAL DE PIANO A BENEFICIO
HOGAR SOR EUSEBIA DE A CORUÑA

Mércores, 19 de xuño de 2019
Ás 20:00 horas
Salón de Actos da Academia

concerto

NOTAS AO PROGRAMA

Paisaxes sonoras en torno ao século XX

Debussy compuxo o seu tríptico *Estampes* en 1903. Está formado por tres pezas moi diferenciadas entre si, cuxo carácter particular está implícito nos títulos descritivos que o compositor francés escolleu para denominar a cada unha delas. Por unha banda, Pagodes fai referencia á música oriental (uso de escalas pentatónicas, sonoridades que lembran ao "gong" ou ao "gamelán", ...); *Soirée dans Grenade* (Tarde en Granada) é unha habanera que evoca a Andalucía (reminiscencias do flamenco, do rasgueado da guitarra, ...), mentres que *Jardins sous a pluie* (Xardíns baixo a choiva) pecha o tríptico cunha escritura pianística moi virtuosa, construída a partir de dúas cancións infantís francesas. Oriente, España e Francia son, por tanto, os protagonistas (ou xermes compositivos) destas pezas de gran poder evocador e suxestivo.

* * *

Pódese considerar a Alberto Ginastera como un dos compositores latinoamericanos máis importantes do século XX. Os seus tres *Danzas Argentinas*, compostas en 1937, son unha mostra das características da súa linguaxe compositiva. O uso da bitonalidade, o emprego moi particular e case constante da disonancia ou a riqueza do seu tratamento rítmico son algúns dos recursos presentes nestas danzas, que parecen trasladar ao oínte á Arxentina natal do compositor.

* * *

Cadros dunha exposición é a principal obra para piano de Mussorgsky (aínda que é moi coñecida pola orquestración que dela realizou Ravel en 1922). Composta en 1874, esta suite de pezas está inspirada nunha serie de pinturas e debuxos de V. Hartmann, amigo do compositor que falecera facía pouco tempo e ao que se lle dedicou unha exposición póstuma. Con esta especie de homenaxe, Mussorgsky pretendeu "debuxar en música" algúns dos cadros do seu amigo. Escenas de gnomos, un castelo da Idade Media, nenos xogando, unha carreta tirada por bois, un ballet de pitos, o mercado de Limoges ou as catacumbas son algunhas das imaxes que inspiraron ao compositor e que este trasladou ao terreo musical. Cabe engadir que o emprego reiterado do Promenade (paseo) serve de unión á alternancia entre as diferentes pezas, ao mesmo tempo que parece simular o percorrido pola exposición pictórica e a evolución e desenvolvemento dos diferentes estados emocionais do espectador que provoca a mesma.

ALICIA GONZÁLEZ PERMUY

Recital de piano

CLAUDE DEBUSSY (1862 - 1918)

Estampes

1. Pagodes
2. Soirée dans Grenade
3. Jardins sous la pluie

* * *

ALBERTO GINASTERA (1916 - 1983)

Tres danzas argentinas

1. Danza del viejo boyero
2. Danza de la moza donosa
3. Danza del gaucho matrero

* * *

MODEST MUSSORGSKY (1839- 1861)

Pictures at an exhibition (Cadros dunha exposición)

Promenade. The Gnome. Promenade. Il vechio Castello. Promenade. Tuileries. Bydlo. Promenade. Ballet oft he Unhatched Chickens. Samuel Goldenberg and Schmuyle. Promenade. The Market Place at Limoges. Catacombae (Sepulcrum Romanum). Lingua Mortua. The hut of Baba-Yaga. The Great Gate of Kiev.